

O MUNDO DO MAR SEGUNDO A TRADICIÓN ORAL**CORTE Nº 9 CINTA 4**

Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

NOME DO DOCUMENTO:

MPG_SaVi_0004_009_en_0_38_41_id633_D

AUDIO DE REFERENCIA:

MPG_SaVi_0004_009_en_0_38_41_id633.mp3

INFORMACIÓN DA ENTREVISTA

Esta ficha recolle o noveno corte dos que se divide a cuarta das 11 entrevistas realizadas a Antonio José Bernárdez Villaverde por Xosé C. Villaverde Román durante o verán de 1992 na zona de Moaña.

O informante fala do do sistema de reparto do peixe antes da chegada das traíñeiras e da xestión dos gastos da embarcación.

NOTA DAS EDITORAS

No verán de 1992 Xosé C. Villaverde Román realizou unha serie de entrevistas na zona de Moaña. O obxectivo era recopilar información de primeira man a través de fontes orais sobre os traballos e a vida cotiá no mar en Galicia de cara a publicación dun libro que levaría por título “O mundo do mar segundo a tradición oral”. Os traballos supuxeron todo un exercicio de memoria viva, recopilando unha valiosa información sobre saberes tradicionais do mundo do mar de man das propias persoas protagonistas. O libro nunca se chegou a publicar, non obstante as gravacións orixinais recollidas forman agora parte do APOI, que dispón de tódalas entrevistas realizadas, así como das transcripcións e das análises das mesmas feitas e revisadas polos propios compiladores.

Na sede do APOI no Museo do Pobo Galego poden escoitarse as entrevistas completas. Nós elegimos presentar na rede as editadas (revisadas e cortadas en varias partes) polo propio compilador para optimizar o traballo de busca.



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

DATOS DO CORTE

- **DATA(S) DE REALIZACIÓN DA ENTREVISTA:** 24 de xullo de 1992
- **INFORMANTE(S):** Antonio José Bernárdez Villaverde
- **RECOLLEDOR:** Xosé C. Villaverde Román
- **COMPILADOR:** Xosé C. Villaverde Román
- **COLECCIÓN:** Santos - Villaverde (SaVi)
- **LOCALIZACIÓN:**
Lugar/ aldea/ barrio: O Carmen
Parroquia: O Carmen
Concello: Moaña
Provincia: Pontevedra
País: Galicia

NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN DO TEXTO

A transcripción fíxose nos 90 e foi revisada no 2021 polo propio compilador e o persoal do APOI.

Respectouse a pronuncia da persoa e as palabras e expresións coloquiais transcribíronse tal cual foron ditas. Nalgúns casos, o compilador introduciu notas a pé para aclarar termos ou expresións, ou ben para aportar algún dato relevante sobre o que se está falando.

As partes nas que non se entende ben o que di o informante están sinaladas con: (?)

PALABRAS CHAVE

mar, pesca, mariñeiro, reparto, peixe, cobro, pago, soldo, traíñeira, quiñón, armador, changüí, boliche, cesta, aparello, Vigo, caixón, salabardo, montemaior, seguridade social

EDICIÓN DA PRESENTE FICHA: Sara Santalla Iglesias



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

TRANSCRICIÓN DO CORTE Nº 9 DA CINTA 4

P: ¿E antes de haber as traineras o reparto era parecido? Ou era diferente. Antes das traineras cómo se facía o reparto do peixe.

R: Dábase un quiñón de peixe, sacabas un montón de peixe, botábase nun... (?) para os mariñeiros, habendo venda, se non había venda a xente non podía comer, porque había gastos e se non hai venda porque sempre hai gastos, sempre hai gastos de calquera conducto, que é do monte maior, que lle chaman a monte maior, como a raba, como a comeduría da raba, como é outras cousas que se daban... todos artigos de... (?)

P: Todo iso.

R: E o changüí. O changüí como había días, o que se repartía ó día era o changüí,

P: O changüí existía sempre, antes das traíñas, despois das traíñas e...

R: O changüí veu coas traíñas.

P: Ai veu coas traíñas.

R: Antes era co boliche daban un quiñón.

P: Era o quiñón, como lle chaman o...

R: Antes co boliche era o quiñón, cando se andaba ó boliche, porque a trainera leva moi pouco tempo, polo menos aquí. Aquí o objeto máis grande que había aquí, o caballo de batalla era o boliche e a arte, era a pantalla dos pescadores de aquí. Nas postas¹ que había de antes alí no... Cando viña o inverno, ó empezar o inverno empezaban a traballar, porque viñan os temporales eses e xa non salían os barcos ó mar. Había algunhas traineras que hasta nin vela tiñan, iban ó homes por cada banda, e eran tipo trainera, pero non eran de tipo traballo, porque collían o peixe e non tiñan donde botalo, e como estaba todo ó cobijo, non tiñan as caixas para..., era un peligro cargar o barco.

P: Estaba todo ocupado xa.

R: Estaba todo ocupado, é mui estreita a trainera. Si, fóronse mellorando despois ¿no?. Fóronse mellorando aumentando redes, aumentando os barcos e todo. Había barcos sempre levaban, 20 cestas que levaban cando foi desa primeiro. Tripulacións con barcos de 100 cestas, é outra modalidade de traballo, outra comparación.

P: Entón cando empezaron co boliche eran quiñón. A xente que halaba o aparello nas postas desde terra, que levaban unha patela máis ou menos, un quiñón ou según según se pescase tamén.

R: Cando viña peixe para terra si, era de tipo arte, nas postas. Collíase o pescado, mandábase o pescado para Vigo.

P: Na enviada

R: Na enviada, o necesario, pero apartábase sempre uns salabardos, que era onde collían o peixe, para repartir cos que andaban á parte, da embarcación (?)..., Porque os que andaban á parte, tiñan a obrigaón de meter a rede que queda en terra metela abordo outra vez, e preparala e lavalala, despois teñen un queixón, ese quiñón repártese entre todos, e cada un xa traía o seu salabardiño para recoller a parte que lle tocaba, hasta se daba o caso que muitas veces, tan escaso era que facía o monte aquí para un, outro, outro, 15 montes ou 16.

P: ¿E despois sorteaban o monte?.

R: Non, cada un collía o seu. Tanta fame, tanta fame que formábanna. Iban ó monte onde estaba o salabardo, un collía máis outro collía menos.

P: Á partir eses montes ¿cada un facía o seu?.

¹ As postas eran lugares pactados e fixos nas praias onde traballaban coa arte que halaban dende a area.



R: Non. Non. Había un do monte que lle tocaba tamén do monte a repartir, bótache a tí, bótalle a outro, bótalle a outro...

P: E despois non sorteaban os montes, cada un xa lle asignaba o monte que era.

R: Se poñían todos cos salabardos, e collía do monte grande os porteadores.

P: Este para ti, este para ti e este para ti.

R: Pero había eso. Había que traer tamén o quiñón polas que non eran a parte, que viñeron a traballar para levar un bote de peixe para casa.

P: Ai e aparecían así a traballar tirando polas redes nada máis. E despois había a picardía dos que chegaban ó final nada máis ¿non? Tamén querían quiñón, non traballaban nada.

R: Era quen non traballaba nada.

P: Tiña a picardía sabía que...

R: Nin decían podo traballar, amarraba o estrobo á cintura. Ou o estrobo ó cabo (rectificando a confusión), e arrastaba como os demais. Pero el viña ás dez cordas, a mitá da rede, outro viña a seis cordas, outro viña á primeira, e tiña que o armador coller ollo e levar a contabilidade para decir, quen veu primeiro.

P: Para controlalos a todos ¿non?

R: E moitas veces dábanse piñas entre eles. Cando collía un pouco de pescado pois dáballe nun salabardo de eles mesmos pois para dez, porque había veces que viñan hasta 100 homes.

P: Entonces estamos falando do changüí.

R: Isto é con respecto ó...

P: Igual que en barcos de remos en monedas, unha parte recibía monetaria, non era en peixe, entón o changüí cando se recibía.

R: O changüí cando se remataba a faena do día, xa ese individuo o dos mariñeiros xa cambiaban o changüí, collía os cartos que lle correspondía de changüí, e iba a cambiar e xa sabía o que lle tocaba a cada un, así como iba toma, toma, xa sabían todo o que lles tocaba.

P: E collían do monte maior ¿non?

R: Si, do monte maior.

P: Antes de repartir.

R: Antes de repartir.

P: Antes de repartir collían xa os cartos do changüí.

R: Os mariñeiros chamábanlle pagos..., vamos si cobraba e tomaba changüí dobre cobraba dous quiñóns.

P: ¿O changüí máis ou menos que era, unha cesta, o valor dunha cesta?

R: O valor dunha cesta.

P: O valor de unha cesta.

R: Se lle correspondía dúas porque era máis cantidá, o valor de dúas cestas.

P: Dúas ¿a partir de cantas cestas de pesca o dobre?

R: De once para arriba.

P: De once.

R: Cando se vendían once cestas, entón lle correspondía o changueo inda que botaran 100.

P: Si, o valor de dúas cestas. E o armador levaba unha.

R: O armador sempre unha, aunque colleran mil cestas. Era unha compensación, despois estaban as partes.

P: As partes de peixe.

R: Porque despois tiñan as partes do montón, cando iban a facer contas ó cabo do mes. Nestes motores, agora, á última, había os de 28 por 20, e 25 por 20 dependía do tipo de barco.

P: ¿28 por 20 que é, esa proporción cal é?



R: Xuntabas as 28 partes dos tripulantes coas 25 do armador, tantas partes, o caso é que aqueles cartos partían entre vinte e cinco (se confunde e rectifica a continuación) da xente, 25 do armador, e 28 da xente. Non partían por tripulante, partían pola cantidade asignada.

P: A ver se me explica.

R: Ti fixeches 100.000 pesetas, estas 100.000 pesetas telas, que repartir agora, teñen que repartir 25 do armador.

P: 25.000 pesetas do armador.

R: Por 20 da xente, ven a ser 45. 45 partes a partilas das 100.000 pesetas, quen dice mil di un millón.

P: Exacto sí, é igual eso é simbólico non importa.

R: A como toca. Vamos a poñer...

P: Si das 25... ¿e as 55 partes restantes?

R: Non aínda non.

P: Usté parte de 1. 000 pesetas supoñemos.

R: Ti capturaches de peixe un millón de pesetas.

P: Un millón de pesetas, si.

R: Tes un millón de pesetas libres, si tes gastos hai que tirar deses gastos, todos os gastos que teñas.

P: Este que é o monte maior, o que se chama...

R: Iso é o monte maior, a captura bruta.

P: A captura en bruto. Antes de repartir hai que sacar os gastos de monte maior.

R: Primeiramente, os gastos que sean das dúas partes hai que tiralos do monte maior.

P: ¿Que gastos máis ou menos había de monte maior?

R: A maioría gastos de comidas, e cociñadas e esas cociñadas que se facían.

P: Estoupas e todo iso...

R: Non.

P: Iso non.

R: Gastos dos tripulantes abordo, da comida que se come, moitas veces iban dous ou tres días ó mar e había que levar comida para eses dous ou tres días.

P: Sacábanse os gastos, os gastos eran...

R: Bueno agora quedaron estas 10.000 pesetas libres.

P: Dun millón retíranse 10.000 ptas. para gastos en común.

R: Agora quedan desa cantidá... ponlle unha cantidá.

P: Quedan 990.000.

R: Bueno agora hai que repartila entre, 25 con 20.

P: Son 45 partes.

R: E hai que partilo entre 45 partes a ver como toca.

P: Hai que dividir entre 45.

P: Quedan a 22.000, as 45 partes.

R: Pero tes que saber ese diñeiro canto é.

P: Son 45 partes, son 22.000 que ¿o patrón canto levaba? O armador, levaba 20 partes ¿non?

R: 20 partes.

P: 440 levaba o patrón, e os mariñeiros 25 partes, os mariñeiros levaban 550.000.

R: O dos mariñeiros era entre os mariñeiros.

P: Ese compartíanno entre eles.

R: Entre eles, esas vinte partes eran as que levaba o armador por parte do capital todo. Agora que despois eles tiñan esa compensación, porque non eran todos a recibir igual, porque ti non foches ó mar, outro non foches ó mar, hai individuos que perden.

P: E despois que dividían por días.

R: Comentan os que foron ó mar.



P: Que lle salía por días.

R: Non, non salía do monte maior. Ti perdeches hoxe, hoxe ó mar non viñeches pescouse, tes unha perda porque fas o conxunto ó cabo do mes.

P: E salían os gastos así como os rapaces tamén sacábase do monte maior ou iba a media parte.

R: Facíase a media parte.

P: E se había algúns que axudaban...

R: Á última hora, os rapaces xa eran un pouquiño de 14 anos, xa bastante... pois case compensaba unha parte.

P: Case compensaba unha parte.

R: Eran fillos dos mesmos mariñeiros, duns a outros e compensaba... Porque a veces valía máis o mariñeiro ou o rapáz, que un mariñeiro ruín.

P: E neste sistema non había uns ingresos fixos ¿non? Según se pescaba. Se se pescaba ben, e senón... mala suerte.

R: Todos seguían a contratación da empresa.

P: E a xente que se contrataba ou que iba para o mar, non se contrataba. Un barco máis ou menos, que tipo de tripulación levaba, 17 ou 18 homes ¿non? Un barco que tiña asignada, un barco destes de máquinas que tiña asignada unha tripulación.

R: Tiña asignada unha tripulación, e había veces que levaba 40 homes, sin necesidade, que todo o mundo quería comer e...

P: Iso era a donde iba eu.

R: Chegouse a gastar dúas tripulacións. Unha iba para o mar e outra quedaba en terra, e mañan unha quedaba en terra e outra iba para o mar. Turnándose, porque todo o mundo quería ir ó mar.

P: Claro, ¿e o máximo que levaba o barco?

R: O máximos que levaba son 22 homes.

P: 22.

R: E cando había muita xente entóns turnábanse.

R: Eu tuven unha época de ter, de quedar a mitá da xente en terra. Sobraban, sobraban, e noutro día turnaron con outro.

P: E viñan a pedir polas casas, non había contratos nin nada, podo ir ó mar con usté, non podo ir ó mar.

R: Se fai o favor léveme ó mar ... (?) pero dabas disculpas que non podías, o malo era cando levaras máis ca do que tiñas no seguro.

P: Porque tiña un seguro pola tripulación.

R: Ti podías ter 50 mariñeiros a traballar, pero abordo do barco cando iban a traballar non podías ter máis de 25, que eran os que podías ter asegurados.

P: Estaban asegurados.

R: Mañan que turnara outro. Pero polos accidentes que podía haber. Hai un accidente mortal e é un perigo ter a xente....

P: Si é o máis normal.

R: Como cando foi o do “Ave del Mar” e do “Ave Sin Puerto”.

P: Si ese é un capítulo que imos tocar máis adiante. Logo, as partes do patrón esas logo pagábanas o armador.

R: O armador, o propio armador. Dese capital que leva el, de vinte partes que leva, ou 25, leva a parte..De aí non tiña nada. A xente leva o bruto, se rompe un aparello ou se perden un aparello no mar, quedas sin el. Non hai indemnización ningua.

P: Iso vai todo a cargo do monte do armador.

R: Do armador.

P: ¿E pagaba a algunha xente máis o armador aparte dos mariñeiros, ou aparte do patrón?



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

R: Non. Había a compensación, como ese individuo que fai o reparto, por levar a contabilidade, vai do monte maior, a cargo dos dous, porque traballa para os dous lados, traballa para o armador...

P: Ai ese vai para o monte maior e... retírase antes do reparto.

R: Por facer a contabilidade pois retírase eso.

P: ¿E que outros gastos había máis do monte maior? ¿O gasoleo tamén iba?

R: Non o gasoil iba a conta do armador.

P: Aí iba a conta do armador, non iba a conta do monte maior.

R: Gasoleo, reparacións da embarcacións, todos os gastos, o que iba a monte maior eran os seguros.

P: Os seguros.

R: Os seguros, agora ó último. Os seguros de accidente, os seguros de seguridade social e todo, pagábano todo o monte maior.

P: Antes non, ¿antes pagábase o seguro cando era coas traineras?

R: Cando era das traineras...

P: Non había seguro.